

S I N A I S

1 de marzo - 1 de abril de 2005

SINAIS

1 de marzo - 1 de abril de 2005



Queridos amigos:

O pasado ano, co gallo do XXV aniversario da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Tambre puxemos a andar o espacio de arte no noso Centro Empresarial do Tambre.

Aquel dia, o vintenove de abril, dixemos que era un proxecto que afrontábamos con gran ilusión e coa pretensión de que tivese continuidade

Esta mostra, SINAIS, é un paso máis no camiño emprendido, na consolidación deste espacio como vínculo entre o mundo empresarial e o cultural-artístico.

Para rematar quero expresar o meu agradecemento a todos os artistas que colaboraron con nos para facer posible esta mostra. Do mesmo xeito, agradece-la cooperación das persoas que desde a sombra traballaron para facela posible.

Agardando que esta iniciativa resulte do voso agrado e interese, envíavos un cordial saúdo

Manuel Caeiro Varela
Presidente

TALLER DE ARTISTA

Interior dia / noite
(Tempo real)

Fundido en branco. A cámara, en travelling picado, abre o campo de imaxe. No centro do plano vai aparecendo unha silueta difusa, e tras ela, aprécianse os contornos borrosos dun sillón. Aberto todo o campo, axústase a imaxe, que pouco a pouco adquire definición.

Agora vese a escena con claridade: unha grande tela branca sobre unha parede de fondo, diante, unha figura de escuro con manchas de pintura na súa roupa, sostén na súa man dereita un gran pincel que pinga no chan. Ao seu lado, varios botes de pintura. Detrás, e en primeiro plano, un vello sillón cuberto cunha tela branca.

O artista se achega á tela e traza un arco negro de esquerda a dereita. A pintura pinga encol do soporte. Retrocede. Retrocede máis, e sen abandonar as costas á cámara, senta no sillón.

O plano é fixo, continuo e en tempo real.

TALLER DE ARTISTA

Interior dia / noite

A decisión: o espazo-tempo, entre a idea e a súa posta en escena. Sempre penso nese intre como circunstancia cumbe ao iniciar un traballo. O preciso instante no que rompo coa virxinidade do soporte para adentrarme nun novo e insospeitado terreno; dende o primeiro momento no que comeza a intervención dun espazo, todos os mecanismos sensitivos pónense en alerta e pódese asegurar, con certeza casi absoluta, que todo o que aconteza a continuación ficará suxeito a ese primeiro impulso.

Nese intre pregúntome, cada vez con máis teima, no senso que ten a posta en práctica dunha idea, se esta, en si mesma, será insuperable, ou moitas veces, mesmo inabordable. Porén, o artista asume o risco, trata de facer tanxible aquilo que só existe na súa mente; a distancia entre a idea e a súa percepción física, é, acaso, todo o que podemos definir como arte. É dicir, facemos arte, non antes nin despois da idea, senón na idea mesma, no preciso momento do proceso. Calquera modificación posterior, calquera novo campo desenvolvido ao longo da intervención, será sempre,

unha manipulación e un alonxamento da pureza inicial da idea.

A pregunta é sinxela: ¿cando?

Hai pouco, lia a un escritor que razoaba sobre a importancia da última pincelada nunha obra, ou o que é o mesmo, sobre o momento xusto no que un debe parar e decidir que o traballo está rematado. Creo que esta "última" decisión é, sen dúbida, o que máis pode achegar o resultado á idea inicial. Detendo o proceso nese preciso instante, o artista, manifesta a súa claridade conceptual e redefine, ante o espectador, a propia idea na súa solución final.

Manuel Quintana Martelo



Montse Gutiérrez

FALAMOS DE PINTURA

Nos albores do século XXI todo pasa por diante dos nosos ollos a velocidade de vertixe. A paisaxe da nosa cotidianidade ven conformada por milleiros de imaxes que nos lanzan desde os diferentes medios de comunicación, pero que non son quen de camifiar pasenifo pola nosa mente e ficar nela, só poden quedar flashes, retazos; non hai tempo para assimilar ese continuo ir e vir de instantáneas, a nosa memoria non pode procesar todo este caudal de información visual. Por todo isto, hai que agradecer aos creadores que sigan sendo capaces de expresarse en formatos quedos, silenciosos, que nos obriguen a pararnos e a reflexionar, que nos axuden a arquivar no noso disco duro as súas propostas. Falamos de pintura, nun momento en que se escucha dicir que a súa morte está a punto de chegar; falamos de seis artistas que teñen como punto de partida e de chegada a pintura, que se expresan desde a bidimensionalidade partindo de formacións e de modos de facer diferentes, falamos de Berta Ares, Sabela Baña, Montse Gutiérrez, Santiago Jorge, Manuel Nieto e Marc Quintana.

Berta Ares constrúe planos quebrados, cosidos nunha sorte de configuración espacial onde cobra protagonismo a ausencia de figuración e a utilización dunha gama cromática limitada, os negros e marróns configuran en solitario estas pezas da súa serie negra. Pezas silenciosas, que invitan ó espectador a entrar e perderse nas súas escuras paisaxes. **Sabela Baña** defende nas súas pezas unha depuración formal que se conforma cos seus componentes esenciais, liñas, planos e cubos. Nas súas obras mide, depura, constrúe, crea ritmos asimétricos configurando imaxes en harmónico equilibrio. Busca xeometrías cunha componente altamente decorativa e achégase ós postulados de Doesburg, "desnudemos á natureza de todas as súas formas e só quedarán o estilo". **Montse Gutiérrez** deixa entrever a súa necesidade de experimentación, de busca continua de novos materiais, de novos modos de facer. Experimenta, conxuga elementos de tendencias anteriores -podemos intuir certos paralelismos con Kiefer ou Barceló- e crea o seu particular imaginario, cunha linguaxe propia, cargada de lírismo, que recoñecemos en cada unha das súas creacións. **Santiago Jorge** deixa ver nas súas naturezas mortas vestixios do pop art, entrando en contacto coa realidade obxectual e sen plantexamento crítico; busca chegar ó público sen enredos

cunha linguaxe clara e figurativa. Non esconde nada, percibimos o que o artista quere mostrarnos, obxectos que xustifican por si mesmos o feito da pintura. **Manuel Nieto** coquetea co expresionismo, na busca do esencial, esaxerando a forza expresiva das creacións e estilizando formas simples. Intuimos influencias postimpresionistas e fauvistas, sobre todo no uso de cores intensas e contrastadas. As súas propostas falan de pintura, de cor, de trazo. **Marc Quintana** traballa coas iconas da modernidade, sérvese de elementos presentes nas paisaxes urbanas actuais e plásmaos nas súas creacións combinando xeometrías, cores, sinais de tráfico; espremendo a poesía do símbolo, da velocidade, transformando os obxectos en metáforas visuais.

"No mundo das imaxes mediáticas, a arte pode seguir ofrecendo trascendencia. Agora que se discute a obxectividade de todas as imaxes, a arte ten a posibilidade de trazar unha ruta de navegación cara o significado. Nun mundo de imaxes efémeras, a arte pode ofrecer certa estabilidade. E, nunha Imaxe Mundo, onde os individuos non lles queda máis remedio que ser parte dun público, a arte pode aportar a súa propia experiencia e ofrecer unha perspectiva manifestándose coa súa propia voz" (Marvin Heffernan: *Image World. Art and Media Culture*, Whitney Museum of American Art, Nova York, novembro 1989 - febreiro 1990, pp. 15-58).

Sinais, ou tamén podemos dicir signos, vestixios, pégadas, marcas, notas. Sinais de pintura, seguimos a falar de pintura.

Emma González



Marc Quintana

RELACIÓN DE ARTISTAS

**BERTA ARES
SABELA BAÑA
MONTSE GUTIÉRREZ
SANTIAGO JORGE
MANUEL NIETO
MARC QUINTANA**

MONTSE GUTIÉRREZ

A realidade precisa de cambios para manter a súa credibilidade, para non caer na monotonía e permanecer en liña coa contemporaneidade e cos novos gustos estéticos. Desta premisa parte Montse Gutiérrez plasmando a súa realidade pictórica, traballando, absorbendo novas propostas, revisando e actualizando as súas creacións. Mide ben os tempos, compón, afina, ensaia e executa con man firme a súa sinfonía particular de trazos e cor. Erixese en deusa Kali, obviando todas as connotacións negativas que soporta, afianzándose no eido creador, xerando mundos, impregnando e reventando nun bucle de apertura e cerrazón, que só necesita da bidimensionalidade para expresarse e volver a comezar.

A creatividade é unha ponte entre a simboloxía e a lingua, unha ponte que Montse controla e aproveita; construindo con paisaxes, poesía, materia ou abstracción. Pero sempre deixa un as na manga, sempre queda no fondo da súa caixa de Pandora a pintura, partindo dela e volvendo a ela, como principio e como fin.

E. G.




Cruces.

2003. Técnica mixta sobre papel (111x42 cm)



Sen título.
2004. Técnica mixta sobre papel (100 x71 cm)



COMISARIA**Natalia Poncela****TEXTOS****Emma González Rey****Manuel Quintana Martelo****TRADUCCIÓN****Paula Nieto****FOTOGRAFIA****Maria Caramés****DISEÑO****Marc Quintana [MQ+]****IMPRIME****TÓRCULO****Colaboración do grupo editor ANOTARTE**



A exposición **SINAIS** nace do espacio de xestión e asesoramento de artistas visuais e sonoros **ANOTARTE**
(espaciocreacion@anotarte.info)





*Asociación de Empresarios del
Polígono Industrial del Tamboré*

